

A formalización dos contratos do profesorado de relixión e anexos aos contratos vixentes, os de carácter temporal do persoal non docente e dos nomeamentos do persoal en prácticas, interino e substituto docente para impartir ensinanzas escolares.

O recoñecemento de trienios e sexenios aos funcionarios pertencentes a corpos ou escalas adscritos a esta consellería e ao profesorado de relixión.

A concesión ao persoal con destino na súa provincia de autorización para asistiren a cursos e actividades de formación e perfeccionamento, así como a designación de comisións de servizo con dereito a indemnización, previstas no artigo 4 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

Segundo.- Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 5 de outubro de 2007 pola que se convocan axudas para implantar accións que potencien o ensino en lingua galega no segundo ciclo de educación infantil en centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, de acordo coa Constitución española, recoñece o dereito cidadán de coñecemento e de uso do galego, lingua propia de Galicia, así como o deber dos poderes públicos de facilitar o primeiro e de potenciar o segundo. A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística engade a estas disposicións a de que os nenos e nenas teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna e que o goberno galego arbitrará as medidas para facelo efectivo.

Na mesma liña, a Declaración universal de dereitos lingüísticos aprobada por unanimidade no Congreso dos Deputados e no Parlamento galego establece o dereito do alumnado ao ensino na súa lingua e cultura e ao acceso ao coñecemento da lingua propia da comunidade onde reside. Ademais, entende que a educación debe contribuír a fomentar a capacidade de autoexpresión lingüística e cultural da comunidade lingüística do territorio onde é impartida, así como o mantemento e desenvolvemento do seu idioma e mais da diversidade lingüística e cultural. Pola súa banda, a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias, asinada polo Estado español, recolle no seu artigo 8º o compromiso das partes de lle ofrecer educación preescolar en lingua rexional ou minoritaria polo menos ao alumnado cuxas familias así o desexen, sempre que haxa un número abondo de solicitantes.

Polo que se refire á lexislación propiamente educativa, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación recolle o logro da competencia nas dúas linguas oficiais das comunidades autónomas con idioma propio como unha das finalidades da educación.

O Plan xeral de normalización da lingua galega detecta carencias na adquisición dunha competencia suficiente en galego que se poñen en relación directa con que se perciben no uso escolar deste idioma, pois a adquisición dunha competencia comunicativa en galego por parte do alumnado só se pode conseguir a través da utilización vehicular desta lingua nunha parte significativa do currículo. Tales carencias afectan sobre todo os primeiros treitos educativos, polo que se propoñen medidas para establecer neles unha ampla oferta de ensino na lingua propia da comunidade. Entre elas encóntranse garantir a educación infantil no seu idioma para todos os nenos e nenas galegofalantes e desenvolver nesta mesma etapa programas experimentais en galego para castelanfalantes, de acordo coas investigacións internacionais máis serias e significativas, que revelan a idoneidade da inmersión lingüística nunha segunda lingua non preponderante no contorno social do alumnado para potenciar o coñecemento, tanto desa lingua, como da súa materna.

Na mesma liña, no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, recóllese a necesidade de acadar competencia comunicativa na dúas linguas oficiais.

Por todo isto, a través desta convocatoria preténdese fomentar o ensino en galego na etapa de educación infantil para garantir os dereitos lingüísticos do alumnado residente en contextos maioritariamente castelanfalantes e cuxas familias opten pola ensinanza na lingua propia da comunidade autónoma.

Por todo iso,

DISPONSE:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é convocar axudas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a centros educativos privados sostidos con fondos públicos, da Comunidade Autónoma de Galicia, para implantar accións que potencien o ensino en lingua galega no segundo ciclo de educación infantil para o curso 2007-2008.

Con esta iniciativa preténdese garantir os dereitos lingüísticos do alumnado galegofalante e darlle resposta á petición das familias de que os seus fillos e fillas reciban o ensino en lingua galega sendo o idioma materno maioritario no contorno do centro o castelán.

Artigo 2º.-Participantes.

Poderán participar na convocatoria os centros educativos privados concertados, con 2º ciclo de educación infantil no cal se imparta o ensino en lingua galega.

Artigo 3º.-Requisitos.

O requisito para poder optar a estas axudas será:

-Que se imparta ensino en lingua galega na educación infantil.

-Que se presente un proxecto de actuacións que potencien o ensino en lingua galega.

Artigo 4º.-Dotación.

Os centros participantes nesta convocatoria recibirán da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria os seguintes apoios:

a) Dotación económica máxima de ata 3.000 €.

b) Asesoramento para o fomento da lingua galega.

A comisión de selección, a que alude o artigo 7º desta orde, estudará e valorará os proxectos e poderá rexeitar aquelas solicitudes que non se adecuen ao establecido na convocatoria.

A cantidade máxima que recibirá cada centro solicitante polo conxunto de actividades que realice non superará os 3.000 €.

Todos os solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria recibirán unha cantidade resultante de ratear o orzamento total da convocatoria entre a puntuación obtida polos centros que o soliciten. Ningún centro recibirá unha dotación maior da solicitada.

Estas axudas son compatibles co aproveitamento doutro tipo de axudas de institucións públicas ou privadas destinadas ao mesmo fin, sempre e cando o importe das subvencións, axudas, ingresos ou recursos non supere o custo das actividades subvencionadas, tal e como establece o artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-Solicitudes.

1. Á solicitude, segundo o modelo de instancia que figura como anexo I, deberá xuntárselle a documentación que se relaciona a continuación.

a) Certificado do centro en que conste a aprobación da iniciativa ante o claustro e o consello escolar, citando en ambos os casos a data, así como que contan coa aceptación por escrito das familias do alumnado implicado.

b) O proxecto desta iniciativa, do que se presentará unha copia en papel e outra copia en soporte óptico, xunto co orzamento.

c) Certificación de estar ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas iguais ou similares para esta actividade.

2. A instancia de solicitude e demais documentación presentarase no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou nos lugares e a formas previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro).

Se a solicitude é remitida por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación.

De conformidade co preceptuado na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os solicitantes consenten que a Administración faga pública nos rexistros regulados neste decreto os datos relevantes referidos ás axudas recibidas. A negativa expresa a esta autorización poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación ou demais efectos previstos no punto 2 desta mesma disposición adicional.

Artigo 6º.-Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Presentada a solicitude, examínase para ver se reúne os requisitos exixidos e se xunta a preceptiva documentación. En caso contrario, requírirase o solicitante para que, no prazo de dez días, emende e/ou complete os documentos e os datos que deben achegarse, e advertiráselle que, se así non o fixese terase por desistida a súa petición e esta será arquivada, nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá requirir os solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para cubrir o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polos peticionarios.

Artigo 7º.-Comisión de selección de solicitudes.

1. Crearase unha comisión que estará presidida pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou persoa en quen delegue, e integrada polos seguintes membros que comprobarán o cumprimento dos requisitos establecidos:

-Subdirectora xeral de Ordenación Educativa, ou persoa en quen delegue

-Subdirectora xeral de Política Lingüística, ou persoa en quen delegue.

-Subdirector xeral de Inspección Educativa, Avaliación e Calidade, ou persoa en quen delegue

-A xefa do Servizo de Ordenación e Innovación Educativa.

-Un funcionario ou funcionaria da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que actuará como secretario ou secretaria, con voz e sen voto.

A comisión emitirá unha proposta provisional de centros seleccionados, que incluírá aqueles que se adecuen ás bases da convocatoria.

Artigo 8º.-Criterios de valoración e distribución da dotación.

1. A comisión selección aplicará os seguintes criterios aos solicitantes que se axusten aos requisitos da convocatoria, para a adxudicación da dotación económica:

a) Segundo o número de unidades de educación infantil en que se imparte ensino en lingua galega (ata seis puntos):

-Centros cunha unidade 3 puntos.

-Centros con dúas unidades 5 puntos.

-Centros con tres ou máis unidades 6 puntos.

b) Segundo o proxecto que presente (ata catro puntos).

-Polo carácter innovador e orixinalidade das propostas 1 punto.

-Polo carácter continuado e non ocasional 2 puntos.

-Pola implicación da comunidade educativa 1 punto.

2. Para calcular a cantidade que recibirá cada solicitante ratearase a cantidade global entre a suma de toda a puntuación acadada, para obter desta forma a cantidade correspondente a cada punto, que será multiplicada en cada caso pola puntuación obtida.

Artigo 9º.-Resolución da convocatoria.

En aplicación do disposto na Lei 4/1999, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, unha vez finalizado o estudo e valoración dos proxectos pola comisión de selección e antes de redactar a proposta de resolución procederá a expoñer no portal educativo <http://www.edu.xunta.es> na sección convocatorias a proposta provisional que incluírá a cantidade asignada a cada centro e concederálles o prazo de dez días para que formulen alegacións e presenten os documentos e xustificantes que consideren pertinentes. Así mesmo, seralles comunicado a todos os solicitantes a través do correo electrónico.

Estudadas e valoradas as alegacións presentadas a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa elevará proposta de resolución á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, indicando a concesión total ou parcial, ou a denegación das axudas solicitadas e, de ser o caso, a exclusión daquelas entidades solicitantes que non reúnan algún dos requisitos da convocatoria. A resolución, que incluírá os centros seleccionados, ditada pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de tres meses contados desde a publicación desta convocatoria. De non facerse así, os solicitantes deberán entender desestimadas as súas solicitudes.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Artigo 10º.-Asesoramento e seguimento.

Os centros de formación e recursos (CFR), sen prexuízo da colaboración que poidan prestar outras institucións ou organismos, ofrecerán apoio e asesoramento.

O inspector ou inspectora responsable do centro educativo será informado ou informada da medida adoptada.

Artigo 11º.-Avaliación e seguimento.

Con independencia do exposto no artigo anterior, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa levará a cabo o seguimento e a avaliación da iniciativa.

O incumprimento total ou parcial das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión, poderá dar lugar á anulación ou modificación da contía do importe concedido.

Artigo 12º.-Pagamento das axudas.

As cantidades asignadas seranlles transferidas aos centros nun único libramento unha vez feita a debida xustificación de gastos, no período correspondente ao exercicio económico 2007, e con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.151A.483.0 por un importe máximo de 40.000 €.

A xustificación dos gastos correntes realizados polo centro para a posta en marcha das distintas iniciativas farase antes do 7 de decembro de 2007. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito de percibir a axuda outorgada. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente.

A devandita xustificación farase de acordo coas seguintes instrucións:

a) Todas as facturas se presentarán por triplicado. Presentaranse debidamente cubertas, sen emendas, a nome do centro, indicando o CIF ou NIF e IVE.

b) Memoria das actividades realizadas e axustadas ao proxecto presentado na solicitude e que permita asegurar a relación directa dela cos xustificantes de gasto que se acheguen. Debe estar asinada polo representante legal do centro.

c) Declaración responsable, por parte das persoas ou entidades de non estar incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.

Cando a xustificación de gastos non se axuste ao aquí estipulado, por presentar xustificantes incompletos ou incorrectos, pagarase unicamente a cantidade da axuda concedida correctamente xustificada.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención de non se cumprirse o estipulado no punto 7º do artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá completar estas instrucións, poñéndoas en coñecemento dos interesados cando lles comunique a contía das axudas concedidas.

Artigo 13º.-Fiscalización e control.

O beneficiario terá a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Os beneficiarios deberán dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento destas actividades que foron obxecto de subvención nos termos regulamentariamente establecidos.

Disposición adicional

Para os efectos do disposto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, as persoas solicitantes deberán autorizar expresamente a Administración concedente a incluír e facer públicos nos rexistros regulados no citado decreto os datos relevantes referidos ás axudas recibidas.

A reserva que o peticionario poida facer no senso de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Recursos.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo competente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia conforme o establecido nos artigos 10, 14 e 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; ou, potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co disposto nos artigos 107.1º, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segunda.-Delegación de competencias.

Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta orde.

Terceira.-Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 Y ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA PONTENCIAR O ENSINO EN LINGUA GALEGA NO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL EN CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS DA C.A.	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED304C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

CENTRO		CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL
CORREO ELECTRÓNICO			

E, na súa representación:

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI/NIF
-----------	-----------	------	---------

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

PROXECTO.
 ORZAMENTO.
 Nº UNIDADES DE EDUCACIÓN INFANTIL EN QUE SE IMPARTE EN GALEGO.
 CERTIFICACIÓN BANCARIA DA CONTA CORRENTE.
 DECLARACIÓN XURADA DOUTRAS AXUDAS RECIBIDAS.
 DECLARACIÓN, ASINADA POLO REPRESENTANTE LEGAL, DE QUE A ENTIDADE REÚNE TODOS OS REQUISITOS DA CONVOCATORIA.
 CONSENTIMENTO ESTABLECIDO NA DISPOSICIÓN ADICIONAL DO DECRETO 132/2006, DO 27 DE XULLO, SEGUNDO O ANEXO V.

Sinalar cun X

Quen abaixo asina DECLARA QUE presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º de artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 5 de outubro de 2007 pola que se convocan axudas para implantar accións que potencien o ensino en lingua galega no segundo ciclo de educación infantil en centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ _____ REVISADO E CONFORME _____ _____	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA <i>Lugar y fecha</i>		DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____

_____, de _____ de 2007

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa